

## **ANEXO. INFORMACIÓN AOS MEDIOS DA XUNTA DE GALICIA**

O Consello da Xunta deu conta hoxe do balance da orde de axudas de 2021 do Fondo de Compensación Ambiental (FCA), a través do que a Xunta colabora cos concellos galegos para financiar os investimentos e custos de funcionamento dos servizos municipais dedicados á protección do ambiente e do espazo natural con actuacións orientadas á conservación da biodiversidade, á utilización recreativa e didáctica dos recursos naturais, á recuperación do medio degradado ou contaminado e ao impulso das enerxías renovables.

Así, desde a posta en marcha do fondo en 2010 para distribuír os ingresos do canon eólico, a Xunta investiu máis de 108 millóns de euros para levar a cabo máis de 2.300 proxectos nas entidades locais, 248 deles mediante a convocatoria do ano pasado.

Este fondo é unha das ferramentas máis importantes no desenvolvemento sustentable dos concellos e supón unha contribución esencial para a mellora dos servizos municipais. A Xunta, reforza o seu compromiso co reequilibrio territorial da comunidade e traballa na tramitación da convocatoria desta orde para 2022, a que destinará 11,3 millóns de euros como asignación inicial. Nesta liña, o Fondo de Compensación Ambiental terá un papel moi importante na recuperación sustentable dos municipios.

Desta contía, máis de 7,7 millóns de euros correspóndense coas dúas liñas de axudas -6 millóns para a non competitiva e 1,7 para a competitiva- e os 3,5 millóns restantes para actuacións específicas de protección do ambiente, incluídas as que teñen por obxecto a prevención, extinción, e xestión de situacións de sinistro ou de risco.

Cómpre aclarar que as subvencións de natureza non competitiva van dirixidas aos concellos galegos cuxo territorio estea dentro da poligonal de delimitación dun parque eólico cunha asignación en función do número de xeradores; mentres que a de natureza competitiva destínanse aos que presenten as solicitudes de forma individual ou conxunta, así como as mancomunidades de concellos e os consorcios locais.

Dos case 3,2 millóns investidos en 2021 na liña en concorrencia competitiva do fondo beneficiáronse 131 entidades locais. A metade deste orzamento destinouse a proxectos relacionados coa contratación de persoal e a dotación de maquinaria e vehículos para protexer e evitar a degradación do ambiente. Destacan tamén as iniciativas vinculadas coa eficiencia enerxética e o uso de enerxías renovables, que concentraron máis dun terzo do investimento.

Por outra parte, un total de 117 concellos foron os destinatarios dos máis de 5,6 millóns de euros da liña non competitiva do Fondo de Compensación Ambiental. Ademais, no FCA inclúense outros 1,6 millóns de euros para apoiar o funcionamento dos consorcios comarcais contraincendios.

Na convocatoria deste ano manteranse como actuacións subvencionables as campañas divulgativas e plans ambientais, os proxectos de eficiencia enerxética no alumado público e nas instalacións e edificios municipais, xunto coa adquisición de equipamento de alta eficiencia enerxética. Tamén se financiará a compra de vehículos con distintivo ambiental Cero emisións ou Eco, xunto con actuacións de protección do ambiente e dirixidas a evitar a degradación e deterioración ambiental, a acadar unha mellor integración paisaxística na contorna, aquelas que permitan levar a cabo un maior control ambiental ou para destinar infraestruturas municipais á utilización recreativa e didáctica dos recursos naturais.